



# Entidade Local Menor de Bembrive

## EDICTO:

### I. NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE PEDÁNEO E DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN:

Polo Sr. Alcalde Pedáneo dictouse, o día 15 de xuño de 2015, a seguinte resolución:

*Primeiro.*—*Nomear como Tenentes de Alcalde-pedáneo aós vogais desta Entidade, pola seguinte orde:*

*Primeira Tenente de Alcalde-pedáneo: D<sup>a</sup> Concepción Martínez Rodríguez*

*Segundo Tenente de Alcalde-pedáneo: D. José Vila Veloso*

*Terceiro Tenente de Alcalde-pedáneo: D<sup>a</sup> Araceli Abalde Fernández*

*Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento ó Alcalde-pedáneo nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións do Alcalde-pedáneo no suposto de vacante ata que tome posesión o novo.*

*Segundo.*—*Delegar a favor dos Tenentes de Alcalde nomeados as funcións de dirección, xestión e proposta, reservándose a Alcaldía as facultades de resolución de expedientes e de realización de actos que afecten a terceiros, nas materias seguintes:*

- 1) Na Primeira Tenente de Alcalde D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, como VOGAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, RÉXIME INTERIOR, CULTURA E DEPORTES, as políticas de gasto de cultura, deporte, educación, e as relacións coas asociacións e demais colectivos sen ánimo de lucro da parroquia.*
- 2) No Segundo Tenente de Alcalde a D. JOSÉ VILA VELOSO, como VOGAL DE FOMENTO, PARQUES, XARDÍNS, E LIMPEZA PATRIMONIO E SANIDADE, as actividades de coidado, mantemento e vixilancia de parques, zonas verdes, vías públicas, lavadoiros fontes, e patrimonio público da Entidade.*
- 3) Na Terceira Tenente de Alcalde a D<sup>a</sup> ARACELI ABALDE FERNÁNDEZ como VOGAL DE MEDIO AMBIENTE, TURISMO E XUVENTUDE, as actividades de coidado, mantemento, e realización de proxectos no monte comunal, as propias da xuventude e as de promoción turística.*